

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Táboa de contidos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	2
2. Avaliación e cualificación.....	2
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).....	3
4. Información e publicidade.....	4

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.	CCEC CAA
B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.	CCEC CSC
B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.	CCEC CD

2. Avaliación e cualificación.

Avaliación	Procedementos: terase en conta a elaboración diaria das tarefas propostas así como o interese por facelas ben.
	Instrumentos: as tarefas que envíen para a súa publicación nos blogs abaixo citados.
Cualificación final	Para a obtención da nota final do curso terase en conta o 1º trimestre cun 40%, o 2º trimestre cun 40% e o 3º trimestre cun 20%.

	Así mesmo, por contemplar unha avaliación continua, no caso de ter un suspenso na 1º avaliación e un aprobado na 2º, considéranse acadados os mínimos necesarios para a promoción.
Proba extraordinaria de setembro:	Por aplicar un carácter de avaliación continua e que os contidos, obxectivos, estándares e competencias se poden traballar no vindeiro curso, non se concibe unha proba extraordinaria para setembro.
Criterios de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración das tarefas propostas polo profesorado. - Comunicación diaria e/ou semanal co profesorado para o envío das tarefas e a súa publicación.
Criterios de cualificación:	100% realización e envío das propostas creadas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades:	Debido ó curso no que se está a traballar e a situación na que nos atopamos, as propostas serán comunicadas empregando a páxina do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/ ou o blogue da biblioteca https://abibliodefuco.blogspot.com/
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Como todo o conxunto do alumnado ten un acceso mínimo a internet e ó ter enviados os libros para as casas antes do peche dos centros, semanalmente realízase unha variedade de propostas para que todo o alumnado poida participar de forma activa sen prexuízo daqueles que non teñen un amplo acceso á internet.

		Dando unha liberdade total de creación, as obras de arte que se envían tanto ó mail do centro como da biblioteca son procesados e colgados tanto no blogue da biblioteca https://abibliodefuco.blogspot.com/ como noutro especial creado para esta situación chamado “Artistas no confinamento” https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/blog/9
Materiais e recursos:	e	Todo tipo de materiais que teñan pola casa, prestando especial atención á reutilización e reciclaxe así como a integración de elementos da natureza ós que poidan ter acceso sempre sen poñer en risco a súa saúde nin a dos seus familiares.

4. Información e publicidade.		
Información ao alumnado e ás familias	ao	As comunicación ás familias fanse vía Abalar móbil ao igual que se leva facendo dende o comezo do curso.
Publicidade		Este documento, igual que as tarefas semanais propostas para o alumnado estará colgado na páxina web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/